

Con data de hoxe o concelleiro delegado titular da Área de Recursos Humanos, Deportes, Turismo e Novas Tecnoloxías mediante delegación conferida pola Alcaldía Presidencia por resolución de data 16/06/2016 (BOP 28/06/2016) aprobou unha resolución que transcrita di como segue:

“O día 06/09/2016 tivo entrada no Servizo de Recursos Humanos un escrito do concelleiro delegado titular da Área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego e Normalización Lingüística no que se sinala que por resolución do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, o Concello de Ferrol recibiu unha subvención para a posta en funcionamento do programa FERROL INSERTA 6. Este proxecto contempla a contratación de persoal técnico para a titorización e inserción laboral das persoas desempregadas beneficiarias do mesmo, concretamente, dun/dunha formador/a-titor/a de empresas.

Asimesmo, solicitan que o proceso de selección do formador titor se desenvolva do seguinte xeito:

“1º.- Que dende a Consellería de Emprego se proceda a efectuar a correspondente

Oferta de Emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (oficina Ferrol-Centro):

– 1 formador/a - titor/a de empresas

2º.- A proposta para o desenvolvemento do proceso de selección é a seguinte:

– 1 formador/a - titor/a de empresas:

1ª Fase de valoración de méritos (máximo 10 puntos)

2ª Fase de entrevista (máximo 5 puntos)

1ª Fase de valoración de méritos (máximo 10 puntos) segundo o baremo seguinte:

Formación	(máx 4 puntos)
Cursos relacionados coa docencia (mín 20h)	0,2 puntos por cada 20 horas
Cursos relacionados coa xestión de persoas / inserción / orientación laboral (mín 20h)	0,1 puntos por cada 20 horas
* Non serán computados aqueles cursos que non teñan unha duración mínima de 20 horas.	
Experiencia profesional	(máx 5 puntos)
Directamente relacionada coa ocupación (técnico/a-titor/a proxectos de inserción laboral)	0,2 puntos por cada mes
Indirectamente relacionada coa ocupación, en tarefas/postos relacionados co emprego.	0,1 puntos por cada mes
* A experiencia laboral deberá acreditarse a través de documento oficial da vida laboral actualizada xunto coa copia do contrato laboral ou certificado de empresa onde consten as tarefas realizadas e no caso de traballadores autónomos (IAE alta e actualización xunto co último recibo de autónomos).	
Outros méritos	(máx 1 punto)
Celga 4 ou equivalente debidamente homologado	0,50 puntos
Informática debidamente acreditada	0,50 puntos

2ª Fase de entrevista (máximo 5 puntos) no que se valorará o nivel de adecuación ao posto.

3º.- As candidaturas recibidas do SEPE da oficina Ferrol-Centro deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol:

– Solicitude de participación no proceso (modelo de solicitude do Concello de Ferrol) acompañada de:

– Copia simple de DNI

– CV actualizado

– Copias compulsadas da documentación xustificativa dos méritos achegados. “

Polo exposto e en cumprimento da resolución da Alcaldía-Presidencia de 28/09/2012, propoñémoslle a vostede a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Crear unha Comisión técnica de selección, que estará composta polo secretario xeral ou persoa en quen delegue, que actuará de presidente, un/unha funcionario/a adscrito ao Negociado de Recursos Humanos, un/unha funcionario/a adscrito ao Negociado de Emprego, un/unha funcionario/a do Concello que actuará como secretario/a e un/unha técnico/a de emprego que actuará como asesor/a.

Segundo.- Desenvolver o proceso de selección de acordo coa proposta transcrita e achegada dende o Negociado de Emprego. “

A presente resolución pon fin á vía administrativa e, contra ela, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou, dentro do prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo dentro do prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma que establece o artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (BOE do 14/07/1998).

- 8 SET. 2016

Ferrol,

O secretario xeral **ACCIDENTAL**

